

UNIVERSIDADE DO ALGARVE

Departamento de Artes e Humanidades

Centro de Estudos Galegos

**MEMORIA DO LECTORADO DE LINGUA,
LITERATURA E CULTURA GALEGAS**

CURSO 2023-2024

Lectora: Iria Domínguez Márquez

Responsable do CEG:



ÍNDICE

CONTEXTO DO CEG	3
PROPOSTAS DE MELLORA CON RESPECTO Ó ANO ANTERIOR.....	4
NOVIDADES PARA O CURSO 2024-2025	4
FUNCÍONS DA LECTORA	6
ACTIVIDADE DOCENTE.....	6
Horario docente da lectora	7
Alumnado	8
PLANIFICACIÓN DOCENTE DAS MATERIAS IMPARTIDAS	9
<i>Lingua e Cultura Galega II</i>	9
<i>Lingua e Cultura Galega I</i>	13
<i>Cultura Galega I</i>	16
<i>Literatura Galega</i>	18
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DE LINGUA E CULTURA GALEGA	19
Actividades 2023 / 2024.....	19
Actividades internacionais.....	21
ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS	22
DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES.....	24
ACTUALIZACIÓN DOS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS.....	25
PUBLICACIÓNS	26
VALORACIÓN XERAL DOS CURSOS DO LECTORADO	26
PROPOSTAS DE MELLORA DIRIXIDAS Á SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA.....	27
ANEXO 1: CARTEIS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓNS DAS ACTIVIDADES	28

CONTEXTO DO CEG

A Universidade do Algarve é, xunto coa Universidade do Minho (Braga) e a Universidade Nova de Lisboa, unha das institucións que alberga un lectorado de galego. Deste xeito, sumado ós dous anteriores, existen tres Centros de Estudos Galegos en toda a área de Portugal. Este feito permite amosar a boa acollida que ten a lingua e a cultura galega no territorio luso.

O Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve (abreviado, CEG-UAlg) é un centro xa consolidado, posto que leva funcionando de maneira continua ao longo de vinte e dous anos, concretamente dende o curso académico 2002/2003. Forman parte da nosa historia os diferentes profesores que asumiron a dirección do CEG, así como todas as persoas que traballaron aquí como lectores/as.

Á fronte desta nosa historia de máis de dúas décadas estivo como director do centro o profesor catedrático Pere Ferré da Ponte, coa excepción dun breve período de tres anos (2008 a 2011) en que desempeñou o devandito cargo o profesor António Branco. Na actualidade, a directora do CEG-UAlg é a profesora María Jesús Botana Vilar, quen foi tamén a primeira representante do lectorado de galego na *Faculdade de Ciências Humanas e Sociais* (período 2002 a 2008). Despois dela chegaron Antonio Mira (2008 a 2011), Sandra Romarís (2011 a 2014), Paula García Rumbo (2014 a 2017), Patricia Arias López (2017 a 2018), Raquel López Veleiro (2018 a 2019), Claudia Mariño Gómez (2019 a 2022), Lucía Salceda García, (2022 a 2023) e Iria Domínguez Márquez (1 outubro 2023 -15 de novembro 2024).

En canto a súa integración dentro da Universidade do Algarve, o Centro de Estudos Galegos forma parte do *Departamento de Artes e Humanidades da Faculdade de Ciências Humanas e Sociais* (Campus de Gambelas) e entre os seus obxectivos está o ensino da lingua e a cultura galegas no ámbito universitario e entre a comunidade algarvía (ámbito docente), a investigación relacionada cos estudos galegos (plano científico e de desenvolvemento) e a difusión cultural (plano de extensión universitaria). Neste sentido, cabe subliñar que o CEG UAlg forma parte das materias optativas do deseño curricular das dúas licenciaturas do DAH (*Línguas e Comunicação Intercultural; Línguas, Literaturas e Culturas*), á vez que oferta cursos libres para alumnos e a comunidade. Alén diso, formamos parte da oferta de cursos PRR (Plano de Recuperação e Resiliência) sobre a temática *Galiza e Portugal, dois povos peninsulares no Atlântico* [<https://www.ualg.pt/curso/2955>].

PROPOSTAS DE MELLORA CON RESPECTO Ó ANO ANTERIOR

Neste momento contamos cun espazo dentro da páxina da FCHS (na pestana de Investigación), en que presentamos o CEG e informamos das nosas actividades, tales como docencia, palestras, investigación... [<https://fchs.ualg.pt/centro-de-estudos-galegos>]. Así mesmo, contamos con outra canle de difusión a través da páxina web do CIAC (*Centro de Investigação em Artes e Humanidades*), centro co que vimos colaborando desde hai anos e que nos permite dispoñibilizar os manuais da nosa *Colección Textos e Estudos* [<https://ciac.pt/publicacoes/centro-de-estudos-galegos/>].

Neste momento temos a aprobación por parte do decanato para podermos dispoñer da nosa propia páxina web dentro da Universidade, polo que é probable que ao longo deste novo curso académico logremos poñela a funcionar. Alén destas canles funcionamos tamén coa nosa propia páxina en *Facebook* e *Instagram*.

En conclusión, todas estas canles de difusión, incluídas as redes sociais, permítennos amplificar o noso público e amosar as diversas relacións de colaboracións e tecido de redes que establecemos dende o noso Centro de Estudos.

NOVIDADES PARA O CURSO 2024-2025

Neste novo curso, o CEG ten previsto organizar novas edicións dalgunhas actividades xa realizadas noutros anos, continuando con ciclos de palestras de grande interese cultural, como é o Ciclo do Máxico, amplificando así a temática xa traballada anteriormente sobre o uso da figura das bruxas na literatura, focalizando especialmente no seu uso como ferramenta de aplicación pedagóxica. O CEG decide continuar con esta serie de actividades porque, na realidade, gozan de gran acollida por gran parte do profesorado e alumnado algarvío. Outros exemplos destes ciclos son: *A Mesa Redonda das Linguas*; o ciclo de conferencias *H(á) conversa* e *Foleras literarias: palabras tecidas en feminino*. A edición e publicación dun novo monográfico da *Colección Textos e Estudos* vai estar condicionada polo orzamento, dado que hai actividades conxuntas da rede CEG de Portugal en que necesitaremos subvencionar o encontro científico que xirará á volta da temática da emigración galega e que realizaremos en Lisboa no vindeiro ano en colaboración coa equipa dun proxecto da USC (*vid.* máis adiante). Aínda así, a partir deste ano todos os exemplares da nosa colección editados até o momento estarán dispoñibles a través da páxina do CIAC: <https://publicacoes.ciac.pt/index.php/ceg-ciac>



Non esquecendo nunca a importancia da relación bilateral que existe entre a cultura galega e a portuguesa, propoñemos unha nova edición do curso PRR para o segundo semestre do ano (Plano de Recuperação e Resilência), isto é, *Galiza e Portugal: dois povos peninsulares no Atlântico*, na que se pretende difundir entre o público os distintos lazos históricos, lingüísticos e culturais que unen ambos pobos.

En relación á nosa estreita colaboración co CIAC (Centro de Investigação em Artes e Comunicação), foínos solicitado participar no encontro anual sobre Cinema Mediterráneo. E neste sentido, o CEG pretende aportar unha mesa en que poidamos traer unha directora ou un director de cinema actual que nos veña presentar a súa última obra e falar da mesma.

E nese esforzo por vigorizar as redes de estudos galegos, o CEG da UAlg continúa a apostar por seguir estreitando lazos co resto dos CEGs de Portugal, é dicir, coa Universidade do Minho e a Universidade Nova de Lisboa. Esta próspera relación e a constante colaboración que hai entre os centros deu froito non só á publicación dalgunha edición conxunta, senón tamén á asunción da Presidencia e Vicepresidencia da AIEG durante 2022 a 2024. Derivadas deste congreso xorden tamén diversas publicacións, entre elas unha monografía editada polos tres centros en que participarán tamén os lectores das tres universidades.

E nese afán polo traballo conxunto xorde este mesmo ano a creación dun programa de radio conxunto (Braga, Lisboa, Algarve) que pretende aproximar Galiza e Portugal mediante entrevistas con escritores, faladoiros, etc. O programa será gravado en cada unha das Universidades e emitido na Radio Universitaria do Minho; poderá escoitarse en directo cada mércores de 21h a 22h a partir do mes de outubro do corrente ano (<https://www.rum.pt/shows/galiza-mais-perto>).

Alén desa actividade prolongada ao longo dos dous semestres, a rede de CEGs de Portugal está a traballar na posta en marcha dun congreso sobre *Emigración galega en Portugal* (10-11 de abril de 2025) que se celebrará en Lisboa. Trátase dun evento que pretendemos teña continuación no ano a seguir na Universidade do Algarve, de maneira a seguir fortalecendo e revitalizando ano a ano esta rede lusa dos CEGs. O encontro estará organizado polos tres centros de Portugal (CEG Minho, CEG Lisboa e CEG Algarve), xunto cun grupo de pescuda da Facultade de Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Neste encontro trataranse temas relativos á emigración laboral, grupos marxinais (presos, enfermos, exiliados), circulación de compañías de teatro e musicais entre Galicia e Portugal, xiras de cantantes galegas en Portugal, etc..

FUNCIÓNS DA LECTORA

No CEG da UAlg, a lectora cumpre co disposto no artigo 2 do convenio de colaboración asinado entre ambas institucións (docencia; promoción e difusión de actividades; investigación). En canto á primeira das funcións, a docente ten unha tarefa docente importante porque as materias ofrecidas forman parte do currículo das licenciaturas. Alén diso, a lectora debe fomentar a colaboración e organización de múltiples actividades co obxectivo de divulgar e promover a lingua, a cultura e a literatura galegas entre a comunidade académica e o resto da comunidade algarvía.

Dentro deste labor de organización e creación de actividades tamén é de vital importancia que a lectora, en colaboración directa coa directora do centro, continúe a fomentar as sólidas redes creadas anteriormente polo CEG-UAlg, mais sen esquecer o continuo fomento de novos contactos entre lectores/as e lectorados. Deste xeito, a experiencia será moito máis rica e a promoción do galego e de Galicia poderá realizarse dende múltiples perspectivas, xa que a lectora poderá unirse á actividade investigadora e editora, tanto na edición do libro editado cada ano polo Centro de Estudos Galegos da UAlg, como na participación en congresos, como é o caso da AIEG (Asociación Internacional de Estudos Galegos).

ACTIVIDADE DOCENTE

O lectorado do *Centro de Estudos Galegos* da Universidade do Algarve caracterízase pola súa oferta educativa, que como cada ano ofrece as seguintes materias: *Língua e Cultura Galega II*, *Língua e Cultura Galega I*, *Literatura galega* e *Cultura galega*, curso PRR *Galiza e Portugal: dois povos peninsulares no Atlântico*, alén da posibilidade de abriremos cursos libres de lingua e cultura. A responsabilidade docente destas materias recae sobre a lectora, que será a encargada de impartir as aulas, agás o curso PRR en que participa tamén a directora do centro.

A actividade docente do ano 2024 estará distribuída da seguinte forma, atendendo ó segundo semestre (febreiro- xuño) e ó primeiro do curso seguinte (setembro-xaneiro):

- **2º SEMESTRE**

- *Língua e Cultura Galega II* (57 h, materia optativa para os cursos de LLC e LC, 6 ECTS)
- *Literatura galega* – (44 h, materia optativa para os cursos de LLC e LC, 6 ECTS)
- *Curso-livre de Língua e Cultura Galega. Nivel A1* (40 h)

- **1º SEMESTRE**

- *Lingua e Cultura Galega I* (57 h, materia optativa para os cursos de LLC e LC, 6 ECTS)
- *Cultura galega* (44 h, materia optativa para os cursos de LLC e LC, 6 ECTS)
- *Curso-livre de Língua e Cultura Galega. Nivel A2* (40 h)
- *Curso PRR* (16 h). A lectora imparte 8 h

Canto á súa distribución semanal, cómpre sinalar que o reparto de horas divídese entre as aulas que son teóricas (T), que duran unha hora; e as aulas teórico-prácticas (TP), que duran dúas horas. A isto, ten que se lle sumar o reparto de cinco horas de carácter orientativo (*orientación tutorial*, en diante OT), en cales se revisarán os contidos e traballos explicados na aula, é dicir, que son cinco horas destinadas á atención ó estudantado. Deste xeito, a distribución quedará da seguinte forma:

As materias de lingua (*Língua e Cultura Galega I e Língua e Cultura Galega II*) teñen unha distribución semanal de 2 horas lectivas teórico-prácticas (26 horas TP) e 2 horas de prácticas de laboratorio (26 horas PL). A isto engádense 5 horas de carácter orientativo (*orientación tutorial*, OT), cuxo obxectivo é revisar contidos explicados na aula e traballados con anterioridade.

Mentres que as materias de *Cultura Galega e Literatura Galega* dispoñen de 3 horas de docencia semanais, repartidas entre clases teóricas (13 horas T), teórico-prácticas (26 horas TP) e 5 horas máis de OT (*orientación tutorial*, OT).

É importante sinalar que, alén desta distribución de horas, cada disciplina dispón dun tempo de atención semanal, o cal se corresponde coa metade das horas semanais da materia. É dicir, unha hora e media no caso de *Lingua e Cultura Galega I, Lingua e Cultura Galega II, Literatura Galega e Cultura Galega*.

Horario docente da lectora

Como xa se mencionou anteriormente, o horario docente da lectora no segundo semestre foi de sete horas semanais, que se corresponden coas horas da materia de *Lingua e Cultura Galega II e Literatura Galega*. No primeiro semestre o horario docente da lectora foi de sete horas semanais, que se corresponden con tres horas da materia de *Cultura Galega* e catro da materia *Língua e Cultura Galega I*.

Coloco, a continuación, o horario desagregado:

- **2º SEMESTRE**

- *Lingua e Cultura Galega II*

- HORARIO DE AULA: martes, de 16.00h á 18.00h e mércores, de 14.00 a 16.00h
- HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2h, unha semana antes de cada proba
- HORARIO DE ATENCIÓN: luns, de 11.30 a 13.30

○ *Literatura Galega*

- HORARIO DE AULA: luns, de 13.30h á 16.30h
- HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2h, unha semana antes de cada proba
- HORARIO DE ATENCIÓN: luns, de 11.30 a 13.30

● 1ª SEMESTRE

○ *Língua e Cultura Galega I*

- HORARIO DE AULA: luns, de 15.30h a 17.30h e xoves, de 16.00 a 18.00h.
- HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 2h, nos días 24 de novembro e o 15 de decembro, e nunha sesión de 1h o 4 de decembro.
- HORARIO DE ATENCIÓN: martes, de 11.00h a 13.00h.

○ *Cultura Galega*

- HORARIO DE AULA: luns, de 10.30 a 11.30h e mércores, de 8.30 a 10.30h.
- HORAS DE OT: as cinco horas de OT foron distribuídas en dúas sesións de 1.5h, nos días 20 de novembro e 14 de decembro, e nunha sesión de 2h o día 17 de novembro.
- HORARIO DE ATENCIÓN: xoves, de 10:00 a 12h.



Alumnado

No segundo semestre, a disciplina de *Lingua e Cultura Galega II* contou con 23 alumnos inscritos (9 homes e 14 mulleres) e a de *Literatura Galega* contou con 5 alumnos inscritos (1 home e 4 mulleres) Durante o primeiro semestre, elixiron a materia de *Língua e Cultura Galega I* un total de 19 alumnos (5 homes e 14 mulleres), e a de *Cultura Galega I* 7 (3 homes e 4 mulleres).

Este alumnado procedía de dous graos: Línguas, Literaturas e Culturas (en diante, LLC) e Línguas e Comunicación Intercultural (en diante, LCI), impartidos ambos na propia Facultade de Ciencias Humanas e Sociais (Campus de Gambelas).

PLANIFICACIÓN DOCENTE DAS MATERIAS IMPARTIDAS

Lingua e Cultura Galega II

Obxectivos

- Fomentar o interese cara as novas linguas, prestando atención tamén ós casos das linguas minorizadas e minoritarias.
- Conseguir unha actitude de apertura por parte do alumnado de cara a realidade sociolingüística das linguas.
- Acadar o nivel A1 do *Marco común europeo de referencia para as linguas* na produción e o nivel A2 na comprensión de textos orais e escritos.
- Valorar positivamente as novas experiencias, ideas e culturas adquirindo unha actitude de apertura.
- Exercitar a capacidade de análise, síntese e avaliación.
- Achegarse ós contidos da materia dende unha perspectiva crítica.
- Achegar ó alumnado á lingua e cultura galega.
- Conseguir traballar de maneira tanto individual como en parellas ou pequenos grupos, levando a cabo as actividades do día a día nas aulas.
- Fomentar a capacidade de debate entre o alumnado.

Contidos

Unidade 0

- Introducción á lingua galega e as súas características principais
- Relación entre o galego e o portugués
- Breve visión da cultura galega: gastronomía, música e festas
- Comparación entre a vida en Galicia e en Portugal

Unidade 1

- Situación actual da lingua galega
- O alfabeto galego e regras ortográficas básicas
- Como dar e solicitar datos persoais
- Técnicas para presentarse, saudar e expresar intencións e intereses
- Facer recomendacións
- Uso dos números do 0 ao 100
- O artigo determinado e as súas funcións

Unidade 2

- Estereotipos sobre a lingua galega e os galegos
- Describir persoas: aspectos físicos e psicolóxicos
- Expressar semellanzas e diferenzas entre persoas
- Preguntar sobre gustos e intereses
- Comparar gustos e preferencias
- Falar sobre relacións persoais
- Uso dos posesivos para indicar pertenza

Unidade 3

- Manifestacións culturais en Galicia hoxe en día
- Expressar onde están as cousas e a súa existencia
- Describir e comparar aspectos de persoas ou cousas
- O artigo indeterminado e cando usalo
- Os cuantificadores e o seu uso
- O superlativo relativo para comparar

Unidade 4

- Análise de textos sobre cultura galega actual
- Falar de hábitos e rutinas
- Expressar a frecuencia das accións, a hora e a secuencia de actividades

- Días da semana, meses e estacións do ano
- Uso das perífrases verbais para expresar accións



Unidade 5

- Tradicións e celebracións galegas
- Expresar necesidade e solicitar axuda
- Captar a atención dos demais
- Preguntar por produtos e prezos nunha tenda
- Convidar e xestionar aceptación ou rexeitamento de invitacións
- Dar escusas e xustificar
- Números a partir do 100
- Uso do imperativo para dar instrucións
- Regras básicas de acentuación

Unidade 6

- Música galega: estilos e evolución
- Falar de experiencias pasadas e habilidades
- Describir calidades e defectos das persoas
- Uso do pretérito para narrar eventos pasados
- Adxectivos de carácter para describir persoas
- Usos dos indefinidos para referirse a elementos non específicos

Método

Co fin de lograr os diversos obxectivos, esta disciplina levarase a cabo a través dun método activo e participativo, intentando combinar as distintas orientacións da docente coa participación activa do alumnado na aula; xerando un ambiente con maior dinamismo.

Este método concibe as sesións como teórico-prácticas. Desta maneira, empregouse un enfoque comunicativo do ensino da lingua galega e, en consecuencia, o galego foi a lingua vehicular en todo momento. O obxectivo principal é a mellora das competencias comunicativas a nivel oral e escrito.

Avaliación

O sistema de avaliación impartido nesta materia é o mesmo para todas as linguas impartidas na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais, segundo un acordo do Departamento de Artes e Humanidades. Esta avaliación ten en conta as catro destrezas comunicativas e atribúelle a cada unha o 25% do valor total da clasificación (calculada sobre 20 puntos). O cálculo da clasificación final é a media aritmética das clasificacións das catro competencias, sempre que o alumno obtivese unha nota mínima dun 9,5 en cada unha delas.

Ó tratarse dunha disciplina de carácter presencial, é requisito indispensable para poder presentarse ás probas de *frequência* (avaliación continua) e *época normal* que o alumnado asista ó 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei). Alén diso, os alumnos teñen tamén un chamado *exame de recurso* (recuperación final).

Bibliografía

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove, *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 2002
- Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, *Aula de galego 1*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2008 [On-line: http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]
- González, Begonia, *Ortografía da lingua galega*, A Coruña, Gallnova, 2004
- López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*, A Coruña, Baía edicións, 2011
- Mata, Ana María e Emilio Núñez, *Curso de galego para non-galegofalantes*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia.
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2004 [On-line: <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf>]
- Real Academia Galega, *Dicionario da Real Academia Galega*, A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario>]
- Vázquez, Pilar, *O que um falante de Português deve saber acerca do galego*, Edições Colibri, Lisboa, 2002
- **Número de alumnos: 23**

Obxectivos

- Participar en interaccións sociais dentro da esfera social.
- Recoñecemento da importancia da diversidade lingüística.
- Analizar contrastes culturais entre Portugal e Galiza.
- Cofiecer e usar convencións sociais e de cortesía na interacción verbal e non verbal.
- Participar de forma consciente e autónoma a aprendizaxe do galego.
- Planificar o propio proceso de aprendizaxe, obtendo o máximo proveito dos recursos dispoñíbeis.
- Desenvolver a capacidade de autoavaliación a través dunha reflexión da propia aprendizaxe.

Contidos

- **Unidade 1**
 - Introducción á situación actual da lingua galega
 - O alfabeto galego
 - Dar e solicitar datos persoais
 - Presentarse, saudar, expresar intencións e intereses
 - Facer recomendacións
 - Os números do 0 ao 100
 - O presente
 - O artigo determinado
- **Unidade 2**
 - Estereotipos sobre a lingua galega e os galegos
 - Identificar e describir fisicamente as persoas
 - Expresar semellanzas e diferenzas entre as persoas
 - Preguntar sobre gustos e intereses
 - Contrastar gustos e preferencias
 - Falar de relacións persoais
 - Os posesivos

- **Unidade 3**
 - **Manifestacións culturais na actualidade**
 - **Expresar existencia e localización**
 - **Realizar descrições e comparacións**
 - **O artigo indeterminado**
 - **Os cuantificadores**
- **Unidade 4**
 - **Manifestacións culturais na actualidade a través dos textos**
 - **Falar de hábitos**
 - **Expresar a frecuencia das accións, a hora e a secuencia das actividades**
 - **Os días da semana, os meses e as estacións**
 - **As perífrases verbais**
- **Unidade 5**
 - **Tradicións galegas**
 - **Expresar necesidade**
 - **Captar a atención das persoas**
 - **Preguntar por produtos e prezos nunha tenda**
 - **Convidar e aceptar ou rexeitar un convite**
 - **Dar escusas e xustificar**
 - **Os números a partir do 100**
 - **O imperativo**
 - **A acentuación**
- **Unidade 6**
 - **Música galega**
 - **Falar de experiencias pasadas, destrezas e aptitudes**
 - **Enumerar calidades e defectos das persoas**
 - **O pretérito**
 - **Os adxectivos de carácter**
 - **Os indefinidos**

Metodoloxía

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións da docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

Este método concibe as sesións como teórico-prácticas. Desta maneira, empregouse un enfoque comunicativo do ensino da lingua galega e, en consecuencia, o galego foi a lingua vehicular dende o primeiro momento. O obxectivo fundamental foi a mellora das competencias comunicativas a nivel oral e escrito do alumnado grazas a:

- unha escolla de contidos reais, adecuados e atractivos para a diversidade da aula,
- o traballo integrado das destrezas,
- a necesidade dunha implicación activa do alumnado nas actividades.

Avallación

O sistema de avallación é o mesmo para todas as linguas que se imparten na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais, segundo un acordo do Departamento de Artes e Humanidades. Esta avallación ten en conta as catro destrezas comunicativas, e atribúelle a cada unha o 25% do valor total da clasificación (calculada sobre 20 puntos). O cálculo da clasificación final é a media aritmética das clasificacións das catro competencias, sempre que o alumno obtivese unha nota mínima dun 9,5 en cada unha delas.

Esta é unha disciplina presencial, polo que é requisito indispensable para poder presentarse á proba de frecuencia e época normal ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

Bibliografía

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove, Gramática da lingua galega, Vigo, Galaxia, 2002
- Chamorro, Margarita; Xaquín Núñez e Ivonete da Silva, Aula de galego 1, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2008 [On-line: http://www.xunta.es/linguagalega/materiais_celga_1]
- González, Begoña, Ortografía da lingua galega, A Coruña, Galinova, 2004
- López, Xoán, Cilha Lourenço e Marisa Moreda, Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión, A Coruña, Baía edicións, 2011

- Mata, Ana María e Emilio Núñez, Curso de galego para non-galegofalantes, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, Vigo, Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega, 2004 [On-line: <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/normasrag.pdf>]
- Real Academia Galega, Dicionario da Real Academia Galega, A Coruña, Real Academia Galega, 2012 [On-line: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario>]
- Vázquez, Pilar, O que um falante de Português deve saber acerca do Galego, Edições Colibri, Lisboa, 2002

Número de alumnos: 19



Cultura Galega I

Obxectivos

- Seleccionar os instrumentos adecuados para unha aproximación metódica do fenómeno cultural.
- Elaborar unha análise crítica sobre os factos mais relevantes da cultura galega.
- Indagar sobre as especificidades da cultura galega no contexto internacional.
- Capacidade de establecer unha actitude de interese perante novas experiencias, outras ideas e civilizacións.
- Capacidade de crítica e autocrítica.
- Capacidade de traballo interdisciplinario.

Contidos

- **Unidade 1, "Territorio, paisaxe e identidade"**
- **Unidade 2, "Historia social de Galiza: romanización. Reino de Galiza na Idade Media. Séculos Escuros e Ilustración. Nacionalismo no século XX"**
- **Unidade 3, "Historia da lingua galega"**
- **Unidade 4, "O Camiño de Santiago: a tradición popular. Os camiños. O final da viaxe, Santiago de Compostela. Os ritos peregrinos"**
- **Unidade 5, "A tradición: lendas, imaxinario colectivo e formas de literatura popular. A gastronomía. As festas populares"**

- **Unidade 6, “Emigración e Diáspora”**
- **Unidade 7, “Análise da produción cultural ao longo do século XX-XXI: arte, cinema, música, literatura...”**

Metodoloxía

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións do docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

O método empregado concibiú as sesións como teórico-prácticas e reservou un lugar central para a análise e comentario de textos. O obxectivo foi que o alumnado adquirise as nocións teóricas desta unidade curricular a partir do achegamento a diferentes aspectos culturais.

Avaliación

A avaliación da materia consistiu nunha proba presencial, que supoñía o 70%, e un traballo individual, que supoñía o 30% da nota final, calculada sobre 20 puntos. Só foron considerados aprobados aqueles alumnos que obtiveron un valor igual ou superior a 9,5 puntos.

Cultura Galega é unha disciplina presencial, polo que foi requisito indispensable para poder presentarse ás probas de frecuencia e época normal ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

Bibliografía

- Blanco Pérez, Domingo: Historia da literatura popular galega. Colec. Galicia, 1994
- Cocho, Federico: A festa do entroido. Baiona, Nigratea, 2014
- Mariño Ferro, X. R.: Antropoloxía de Galicia. Vigo, Xerais, 2000
- Murado, Miguel Anxo: Outra idea de Galicia. Barcelona, Debate, 2013
- Nogueira, Xosé: O cine en Galicia. Vigo, A Nosa Terra, 1997
- Reigosa, Antonio: Galicia encantada: o país das mil e unha fantasías. Vigo, Xerais, 2015
- VV.AA: Galicia, unha luz no Atlántico. Vigo, Xerais, 2001
- VV.AA.: Historia xeral de Galicia. Vigo, A Nosa Terra, 2005

Número de alumnos: 7

Literatura Galega

Obxectivos

- Identificar, analizar e interpretar, a través das diversas manifestacións artísticas estudadas, os acontecementos máis relevantes para a literatura galega.
- Realizar unha análise crítica dos textos literarios propostos e relacionar os textos coa sociedade en que foron producidos.
- Avaliar a consideración da literatura, do cinema, da pintura e da música como disciplinas artísticas, e o diálogo que mantén entre elas, tanto de un punto de vista sincrónico e diacrónico.
- Estabelecer a importancia das transferencias entre as esferas literaria, musical, pictórica e cinematográfica da Galiza ao longo da historia dos séculos XX e XXI.
- Obter unha visión panorámica da relación entre o cinema, a música, a pintura e a literatura galegas, procurando comprender a singularidade desta relación como consecuencia do contexto social e cultural en que se desenvolveu.
- Desenvolver a capacidade analítica e crítica do alumno.
- Desenvolver a capacidade de traballo interdisciplinar, autónomo e grupal.

Contidos

- A lectura da obra de arte. O cruzamento das varias artes (literatura, cinema, música e artes plásticas), complicidades e complementariedades.
- A literatura medieval galego-portuguesa sacra e profana: un diálogo entre a imaxe, a música e o texto.
- Os Séculos Escuros e a Ilustración: as sombras e as luces nas manifestacións culturais galegas.
- O século XIX: o Rexurdimento da literatura galega e a súa influencia nas manifestacións artísticas galegas posteriores.
- O século XX: o comezo do diálogo entre o cinema e a literatura galega.
- A Guerra Civil Española: da interrupción do discurso literario e artístico galego á lenta recuperación.
- A década de 50: a Nova Narrativa Galega e as súas conexións coas outras artes.
- A literatura galega na contemporaneidade e a súa relación co teatro, o cinema e outras artes.

Metodoloxía

Para esta materia asumimos un método activo e participativo, é dicir, intentamos combinar as necesarias orientacións do docente coa participación activa do alumnado na aula, tanto a nivel individual como colectivo.

O método empregado concibiu as sesións como teórico-prácticas e reservou un lugar central para a análise e comentario de textos. O obxectivo foi que o alumnado adquirise as nocións teóricas desta unidade curricular a partir do achegamento a diferentes aspectos culturais.

Avaliación

A avaliación da materia consistiu en dúas probas presenciais, que supoñían o 80%, e un traballo individual, que supoñía o 20% da nota final, calculada sobre 20 puntos. Só foron considerados aprobados aqueles alumnos que obtiveron un valor igual ou superior a 9,5 puntos.

Cultura Galega é unha disciplina presencial, polo que foi requisito indispensable para poder presentarse ás probas de frecuencia e época normal ter asistido ao 75% das horas lectivas (agás os casos dispostos na lei).

Bibliografía

- Bernárdez, C. L. et alii (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra.
- Carballo Calero, R. (1979). Historia da literatura galega contemporánea. Vigo: Galaxia.
- Casas, A. e López-Pellisa, T. (eds.) (2017). Diálogos interartísticos: Cultura, Literatura y Artes. Madrid: Ediciones de Aquí.
- Del Pulgar, C. (ed.) (2004). Artistas galegos: pintores. Vigo: Nova Galicia.
- Fernández, M. A. (2010). O cine e o audiovisual. En V. F. Freixanes e A. Meixide (eds.), O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia (pp. 391-429). Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia.
- Gómez Sánchez, A. e Queixa Zas, M. (2001). Historia xeral da literatura galega. Vigo: A Nosa Terra.
- López Cobas, L. (2013). Historia da música en Galicia. Santiago de Compostela: Ouvirmos.
- Pena, X. R. (2002). Historia da literatura medieval galego-portuguesa. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Número de alumnos: 6

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DE LINGUA E CULTURA GALEGA¹

Actividades 2023 / 2024

- **Conferencia-aula aberta “A representación da(s) muller(es) nas Cantigas de Santa María: o binomio Ave/Eva” (actividade realizada o 22 novembro 2023)**
 - Conferencia impartida por María Jesús Botana Vilar na Universidade do Minho
- **Docencia e difusión da lingua nos centros de estudos galegos (actividade realizada o 29 de novembro do 2023)**
 - O congreso de lectores foi un espazo de encontro e reflexión sobre o estado actual de cada un dos lectores da promoción 2023/24. Neste congreso abordáronse diversos aspectos: experiencias dos lectores, dificultades, alumnado, materias ofertadas en cada CEG.

¹ Véxase anexo 1: Carteis de promoción e divulgacións das actividades

- **Conferencia “As Cantigas de Santa María como patrimonio identitario galego-portugués”** (actividade realizada o 12 de decembro de 2023).
 - Conferencia impartida por María Jesús Botana Vilar na Universidade de Santiago de Compostela

- **Día de Rosalía** (actividade realizada o día 24 de febreiro do 2023)
 - O recital poético do alumnado. Durante este evento, os estudantes tiveron a oportunidade de presentar e recitar poemas na honra de Rosalía de Castro, unha das poetas máis importantes da literatura galega. A actividade serviu para celebrar o legado literario de Rosalía, fomentar o amor pola poesía entre os estudantes e promover a lingua galega a través da recitación e a reflexión sobre a obra da autora.

- **Historia de Galiza** (actividade realizada o día 1 de marzo de 2024)
 - A actividade “Historia de Galiza” foi presentada pola lectora do Algarve, Iria Domínguez. O encontro realizouse en liña dende a Universidade de Estremadura (UEX) e consistiu nun evento centrado en explorar e analizar a historia de Galicia, con diferentes enfoques e formatos, para achegar os participantes a unha comprensión máis profunda e contextualizada do pasado galego.

- **Ciclo de cinema *Cinema universos literarios femininos*** (de marzo de 2024 a maio de 2024). Proxectáronse os seguintes filmes:
 - *Contou Rosalía* dirixida por Zaza Ceballos (2018)
 - *A condesa rebelde* dirixida por Zaza Ceballos (2011)

- **Presentación *Apropiación cultural e contradiscurso histórico***. (actividade realizada o 5 de abril de 2024, SXPL, Santiago de Compostela)
 - Neste evento, o CEG-UAlg presentou a edición dos dous últimos volumes publicados dentro da Colección Textos e Estudos, neste caso unha obra de María Xesús Lama, *Apropiación cultural e contradiscurso histórico*. Foi unha actividade realizada en Santiago de Compostela e nela participaron Valentín García (secretario SXPL, hoxe SXL); María Xesús Lama (Universidade de Barcelona, autora da obra); Juan Manuel Escribano Loza (CIAC); María Jesús Botana Vilar (Universidade do Algarve, directora da colección *Textos e Estudos*, editora) e Claudia Mariño Gómez (editora).

- **Cantares do noso tempo. A música e o folclore galego** (actividade realizada o 10 de abril de 2024)
 - A actividade "Cantares do noso tempo: A música e o folclore galego" foi presentada pola lectora de Estremadura, Lara Fernández Martínez. O encontro realizouse en liña dende a Universidade do Algarve (Ualg) e foi un evento dedicado a explorar a riqueza da música e o folclore de Galicia. A través de diversas actividades de escoita e reprodución de cantares populares en galego.

- **XVI Congreso da AIEG. Horizontes dos estudos galegos e na lusofonía** (17-20 abril de 2024). O evento celebrouse por primeira vez en Portugal e contou con oradores como os presidentes da CCDR-N, António Cunha (día 17, 11:30h), do Instituto Internacional da Língua Portuguesa, João Neves, e do Consello da Cultura Galega (CCG), Rosario Álvarez (ambos o día 20, 11:30h). O programa inclúe mesas redondas, exposicións, poesía, música, teatro, premios e 120 comunicacións en cinco sesións paralelas, que abordaron temas como a identidade, a docencia, a literatura, o audiovisual, a emigración, a economía e o turismo en galego.

- **Semana das Letras Galegas na Ualg** (16 a 20 de maio de 2024)
 - A "Montaxe videográfica sobre obra poética de Luísa Villalta", realizada o 17 de maio e publicada na páxina *web* do CEG, foi unha actividade dedicada a celebrar a obra poética de Luísa Villalta a través de medios audiovisuais. Diferentes membros da universidade e achegados recitaron poemas de Luísa Villalta, creando un recital colaborativo e inclusivo. Este formato permitiu que múltiples voces e interpretacións fosen parte do evento, enriquecendo a presentación da obra poética. <https://youtu.be/v39ph0amMD0?si=cXDcX0rrvG24-uDE>
 - O alumnado participou activamente na creación de poemas na honra das Letras Galegas, utilizando a técnica do "cadáver exquisito". Esta técnica creativa, que ten as súas orixes no surrealismo, implicou que os estudantes colaborasen na elaboración de poemas de forma colectiva e lúdica.

- **Galiza máis perto**, programa de radio conxunto entre os tres CEG de Portugal.
 - A lectora do CEG da UAlg, Iria Domínguez, participou no programa inaugural, xunto con Alberto Paz (CEG-UMinho) e Héctor Pardo (CEG-UNL) de *Galiza máis perto* (2 de



outubro). Alén diso, tamén exerceu como anfitriño do terceiro programa (30 de outubro), realizándolle unha entrevista sobre a importancia antropolóxica das lendas galegas ao profesor da UAlg Paulo Jorge Correia (<https://www.rum.pt/shows/galiza-mais-perto>).

- **Conferencia “Diálogos da tradución: do audiovisual á literatura”** (realizada o 13 de novembro de 2024, ás 14:30h)
 - Conferencia impartida por Héctor Pardo, lector da Universidade Nova de Lisboa
- **Actividade “A mesa redonda das linguas. Os novos desafíos lingüísticos: migración e turismo”** (actividade realizada o 22 de novembro de 2024, ás 18h)
 - O CEG, en colaboración co CIAC, organizou, na librería FNAC de Faro, unha nova edición da *Mesa redonda das linguas*. Trátase dun foro de debate, que se vén desenvolvendo dende os inicios deste lectorado, en que especialistas da área das linguas e das artes da Facultade de Ciencias Humanas e Sociais da UAlg conversan sobre cuestións relacionadas co futuro das linguas e os desafíos aos que estas se enfrontan nun mundo cada vez máis globalizado. Nesta ocasión, o tema sobre o que xiraron as conversas foi a influencia das migracións e o turismo na lingua e as súas posibilidades e (des)vantaxes.

ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS – OUTRAS ACTIVIDADES INTERNACIONAIS DO CEG UALG

Cómpre salientarmos neste apartado a participación do Centro de Estudos Galegos na AIEG, formando parte da propia directiva (vicepresidencia), xunto cos outros dous centros portugueses. Esta asociación ten como obxectivo dar visibilidade e consolidar os estudos galegos e os centros de investigación arredor do mundo. Trátase de tecer redes entre institucións, colaborando e creando novas propostas para levar a nosa lingua e cultura a todos os ámbitos de estudo.

Tendo en conta a súa importancia, así como o papel desempeñado polo CEG-UAlg na súa organización e coordinación, é necesario tratar as actividades relacionadas coa presente asociación de xeito individual, nun apartado propio. Así, durante este ano 2023, realizáronse:

- **Webinario (14 de xullo de 2023): *Os estudos galegos no exterior. Propostas e debate para un diagnóstico.***

Foi presentado e moderado por Daniel Palau (diretor IGADI) e tivo como intervintes a equipa que liderou a pesquisa, Carlos Pazos-Justo, María Jesús Botana Vilar, Attilio Castellucci e Takeshi Kakihara. No evento participaron á volta de medio centenar de colegas, procedentes maioritariamente dos CEG e Cátedras de Lingua e Literatura Galegas, así como representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística e do Consello da Cultura Galega.

Este proxecto ten a súa orixe nos tres Centros de Estudos Galegos de Portugal, concretamente no curso 2021-2022 en que puxemos a andar unha pesquisa sobre a imaxe de Galiza e dos galegos entre os alumnos dos CEG de Minho, Lisboa e Faro, e cuxos resultados foron presentados no XIII Congreso da AIEG en Varsovia. A partir deses primeiros resultados detectouse que non só era necesario facer extensíbel esta pesquisa a docentes e investigadores/as vinculados/as aos Estudos Galegos en institucións de ensino superior no exterior, senón tamén convidar a outros colegas a participar neste desafío.

No evento mostráronse os primeiros resultados da enquisa e, ao mesmo tempo, procurouse incentivar un debate analítico sobre a situación dos estudos galegos fóra de Galiza.

- **Creación, coordinación e edición do Boletín da Asociación Internacional de Estudos Galegos (BAIEG), do que se editaron dous números.** Na realidade, tratouse da posta en marcha dun dos obxectivos explicitados pola propia Asociación nos seus estatutos, concretamente no artigo 4. Para a edición dos dous números contamos coa colaboración de Juan Manuel Escribano, técnico informático do CIAC, así como co CEG Minho. [<https://sapiencia.ualg.pt/entities/publication/d38abfcf-0456-4956-ab03-14bf8e17efb9>]
- **Coordinación Comisión Científica do congreso. Publicación sobre a Historia da AIEG (eu e Chus Lama):** <https://www.igadi.gal/?s=historia+da+aieg>
- **Conferencia-aula aberta na Universidade do Minho (22 novembro 2023):** María Jesús Botana Vilar, “A representación da(s) muller(es) nas *Cantigas de Santa María*: o binomio Ave/Eva”.
- **Conferencia/seminario na USC (12 decembro 2023):** María Jesús Botana Vilar, “As Cantigas de Santa María como patrimonio identitario galego-portugués”.
- **Conferencia Universidade de Barcelona (18 de febreiro de 2024):** “A figura maléfica do demo nas CSM: o *magicus* versus o *miraculosus*”, dentro do programa da exposición *Alfons X i Galicia*.

- **Organización e coordinación, xunto co CEG da UCM e da UB, da *I Xornada dos Centros de Estudos Galegos Peninsulares* (Venres 6 de setembro de 2024, na Universidade Complutense de Madrid).** Este encontro dos Centros de Estudos Galegos peninsulares tivo como obxectivo analizar a situación xeral dos CEG, centrándose especialmente en: 1) Presentación das particularidades de cada un dos centros participantes; 2) Problemáticas e desafíos dos CEG; 3) Desafíos e problemáticas desde a perspectiva dos directores dos centros; 4) Intervención da SXL.
- **Participación na presentación do lanzamento do I Premio Internacional de Estudos Galegos (actividade *online* organizada pola AIEG, Xoves 26 de setembro de 2024).**
- **Participación nos “Encontros AIEG. A interpretación musical dos repertorios románicos medievais” (14 de novembro de 2024).**
 - A directora do CEG, María Jesús Botana Vilar, participou, como anfitriña, nos “Encontros AIEG”, onde se presentou o novo traballo musical de Antoni Rossell, “Ballads of love and death”. Trátase dunha compilación de romances cuxa temática principal son o amor e a morte. Un repertorio con vocación románica e que vai alén das fronteiras europeas: romances en lingua castelá, catalá, occitana, portuguesa de Portugal e o Brasil, italiana, sefardí e galega (*Romance de don Gaiferos de Mormaltán*).

DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades culturais organizadas dende o CEG da UAlg, ademais de complementar a docencia das cadeiras de galego, tratan de difundir e promover a lingua e a cultura galegas no Algarve, fomentando o interese no alumnado e buscando atraer a novo público; motivo polo que o plan de actividades está aberto a todo aquel que queira aproximarse á nosa cultura. Ademais, moitas das actividades son realizadas de maneira *online* para poder chegar a un público máis amplo.

Coa intención de chegar ó maior número de persoas interesadas, o CEG emprega distintas canles para darlle visibilidade ós distintos eventos e actividades, de aí a estreita colaboración con centros de investigación como o Centro de Investigação em Artes e Comunicação (en diante, CIAC), bibliotecas e a librería FNAC. Para cada evento elabórase un cartel informativo que é distribuído en formato papel pola FCHS, ben como noutros espazos da universidade; así mesmo, tamén se realiza unha difusión da información a través da rede: páxinas de *Facebook* do Departamento de Artes e Humanidades e a do mesmo CEG; a páxina *web* da FCHS, onde contamos cun aloxamento *web*, situado na fiestra de *Investigação* (<https://fchs.ualg.pt/pt/content/centro-estudos-galegos>), a páxina da propia

Universidade (www.uaig.pt), a páxina do CIAC (<https://ciac.pt/pt>) e a conta de *Instagram* (https://www.instagram.com/ceg_algarve/)

Á hora de levar a cabo as actividades, o CEG tenta cooperar con outros departamentos e mesmo con outros centros da UAIG, tanto en colaboracións puntuais para a organización de eventos como na difusión e promoción das actividades. Algúns colaboradores frecuentes son a Biblioteca da UAIG e o CIAC. Cando as actividades o permiten, procúrase tamén a colaboración con librerías locais (por exemplo, a FNAC) coa finalidade de chegar a toda a comunidade algarvía.

Do mesmo xeito, no ano 2021 incluíuse unha colaboración cos Centros de Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa e a Universidade do Minho. A primeira actividade deste proxecto compartido, a cal leva por nome *Portugal e(m) nós*, consistiu na edición dun libro que xira arredor das relacións entre Galiza e Portugal, tratadas dende diferentes perspectivas e campos por estudosos do ámbito luso. Neste curso 2024/2025 manterase esta relación a través de distintas actividades, así como na realización dun programa de radio, na edición das monografías resultantes do congreso a AIEG e na organización dun congreso sobre emigración en Lisboa.

ACTUALIZACIÓN DOS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

O CEG da UAIG actualizou os seus fondos bibliográficos coa compra de 16 exemplares novos, entre os que se inclúen grandes clásicos da literatura galega e ensaios sobre Galiza, que achamos interesantes para o alumnado e o corpo docente da UAIG. Cómpre salientar que neste momento estamos a actualizar novamente este fondo bibliográfico.

Pasamos, a continuación, a ofrecer unha listaxe das últimas obras adquiridas:

- *Historias de emigrantes* de Xosé Neira Vilas e Luis Seoane.
- *Ninguén contará a verdade* de Pedro Feijoo.
- *Ou as dúas estaredes mortas* de Xosé M. Eyre.
- *A transición en Galiza* de Uxío-Breogán Diéguez.
- *Historia social da lingua galega* de Henrique Monteagudo Romero.
- *Pensar e escuro. Poesía reunida (1991-2004)* de Luísa Villalta.
- *Galegos no golfo de México* de Xosé Neira Vilas.
- *A historia de España baseouse en falacias* de Francisco Calo Lourido.
- *O libro negro da lingua galega* de Carlos Callón.



- *O idioma galego baixo o franquismo* de Henrique Monteagudo.
- *Cantares gallegos*, de Anxo Angueira (ed.)
- *Follas novas*, de Anxo Angueira (ed.)
- *A retranca*. Un intento de clarificación, de Félix Caballero
- *O camiño de Santiago. Guía de guías*, de Laura Méndez Vergel
- *Identidade e universalidade. Lecturas de pintura galega*, de Carlos López Bernárdez
- *Manual de uso da lingua galega*, de Benxamín Dosil

PUBLICACIÓNS

As publicacións son unha parte importante dentro dos estudos da nosa lingua e cultura. Ó longo deste ano, malia que o foco estivo posto sobre todo en actividades culturais de divulgación e na organización e preparación do congreso organizado pola AIEG, o certo é que aínda quedou un oco para realizar diversas publicacións.

VALORACIÓN XERAL DOS CURSOS DO LECTORADO

Cada ano, a UAlg elabora unha enquisa dirixida ó alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción coa docencia recibida. Os resultados acadados polas materias relacionadas co CEG foron moi positivos no primeiro semestre (setembro-xaneiro 2023) e no segundo semestre (febreiro-xuño 2024). Ademais, o número de matriculacións aumentou en todas as disciplinas, o que nos permite pensar que estamos a desenvolver un gran traballo, achegándonos cada vez máis ó alumnado e conseguindo que se interesen en aprender sobre Galicia e a súa lingua e cultura. Un exemplo disto é a materia de *Literatura Galega* (de matrícula optativa), que o curso pasado contou só con tres alumnas inscritas ano prevemos que o número de estudantes se duplique, aínda que non podemos confirmar nada ata que se finalice o proceso de matrícula.

Ademais, as cualificacións obtidas polos alumnos foron elevadas e as taxas de suspensos moi baixas (ou nulas no caso de *Cultura Galega*, e *Literatura Galega*). Isto débese, en parte, a boa disposición do alumnado, que realizaba un gran traballo dentro e fóra da aula, asistindo as clases e realizando todos os traballos requiridos pola docente na avaliación continua. Cremos entón que o alumnado conseguiu assimilar as explicacións e tirar proveito delas.


PROPOSTAS DE MELLORA DIRIXIDAS Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Malia estarmos moi satisfeitos co funcionamento do CEG da Universidade do Algarve, cremos que sempre se pode mellorar. É por iso polo que consideramos que hai certos aspectos que poderían estar suxeitos a certos cambios. Exemplo disto sería a posible organización dun encontro anual en Santiago para fomentar a cooperación e establecer proxectos conxuntos entre os CEGs. Ademais, tamén pode ser o espazo idóneo para a creación dunhas xornadas de formación para profesores de ensino de idiomas a estranxeiros.

Por outra banda, sendo un lectorado que se sitúa dentro das fronteiras doutro Estado, a dispoñibilidade de material sobre a lingua e a cultura galegas resulta adoito de difícil acceso. Por iso, gustaríanos contar con máis apoios da Secretaría á hora de conseguir material, tanto bibliográfico como videográfico. Neste sentido, cabe subliñar que no noso caso concreto somos un centro situado na *periferia* lusa, o cal torna moito máis complicado –e custoso– facermos calquera tipo de actividade con persoas vindas do estranxeiro, así como comprarmos anualmente bibliografía.

Así mesmo, agradeceríamos que fose posíbel crear unha conta dende a mesma SXL para podermos acceder de maneira máis sinxela á plataforma *GaliciaLe* (*Rede de bibliotecas públicas de Galicia*, <https://www.galiciale.gal>), a xornais e textos escritos en galego, dispoñibilidade de filmes e música galega, etc.

ANEXO 1: CARTEIS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES



15/3 (Venres), de 10.00h a 12.30h **“Contou Rosalia” (2018)**

Dirixido por Zaza Ceballos

Ao Madrid de mediados do S. XIX chega a Duquesa da Gloria, unha aristócrata de provocante singularidade. Tamén está na cidade, por asuntos de familia, a escritora feminista Rosalía de Castro. Alí fai vida social, escribe e reencóntrase co historiador Manuel Murguía. Á calor da coexistencia e preocupación polas xentes e a cultura de Galicia, nace entre eles unha paixón que a escritora non quere ver morrer nas cadeas con que a sociedade da época afecholla as mulleres. O amor da escritora, desafiando limitacións de todo o tipo, desenvólvese no clima conspiratorio do final da era absolutista, tan afeitado como traxicómico, onde a actuación da Duquesa da Gloria adquire unha sorprendente relevancia no camiño da emancipación. A propia Rosalía é quen nolo conta.

Local: Sala 2.37, Edificio 1, Campus de Gambelas



10/5 (Venres), de 10.00h a 12.30h **“Emilia Pardo Bazán, a condesa rebelde” (2011)**

Dirixido por Zaza Ceballos

Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851 - Madrid, 1921), autora de obras tan emblemáticas da literatura galega en lingua castelá como *Los pazos de Ulloa* e *La madre naturaleza*, estivo chea de “escandalos e polémicas”. Gozou da amizade de Victor Hugo, Bécquer, Pérez Galdós, Miguel de Unamuno e de Clarín, entre outros soados escritores. Pioneira en moitas facetas, foi a primeira muller en España que desenvolveu unha carreira universitaria, a primeira xornalista profesional da península, ideóloga do feminismo do século XIX e autora de novelas, libros de viaxes, biografías e preto de mil ensaios, artigos e crónicas na prensa española e internacional. A trama arranca tras a publicación da novela *La Tribuna* e o volume *La cuestión polizante*, cando a polémica explota nos círculos conservadores. É nese momento cando Emilia Pardo Bazán decide dedicar a súa vida á literatura.

Local: Sala 2.37, Edificio 1, Campus de Gambelas

Organizan



Co apoio de





CENTRO DE
ESTUDOS GALEGOS
DO ALGARVE

PRESENTACIÓN

APROPIACIÓN CULTURAL E CONTRADISCURSO HISTÓRICO A MATERIA ARTÚRICA NA LITERATURA GALEGA



5/4 (Venres), 12.00h

Coa participación da autora, **María Xesús Lama (Universidade de Barcelona e Premio Nacional de Ensaio 2018)**

María Xesús Lama estudou Filoxía Galego-Portuguesa e Filoxía Hispánica na Universidade de Santiago de Compostela e doutorouse na Universidade de Barcelona cun traballo sobre a apropiación dos materiais lendarios celtas e da materia de Bretaña na literatura galega contemporánea. Foi distinguida en 2018 co Premio Nacional de Ensaio, que outorga con carácter anual o Ministerio de Cultura e Deporte de España, pola súa obra *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)*. A súa investigación céntrase na interrelación entre o proceso de construción nacional e a literatura en Galicia e desenvólvese en tres direccións principais nas que se contran as súas publicacións: a vida e a obra de Rosalía de Castro como escritora fundacional da literatura galega, o tratamento literario da suposta orixe celta de Galicia e a literatura da emigración e o exilio.

Baixo a dirección dos profesores Pere Alfonso Ferré da Ponte e María Jesús Botana Vilar, o Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve inaugurou, en 2017, a "Colección Textos e Estudos", que conta co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Deseñada para divulgar, tanto en Portugal como no exterior, temas e obras fundamentais da cultura galega, esta colección de monografías ten como obxectivo principal reforzar a presenza cultural de Galicia, tanto entre os académicos como entre o público en xeral. Así, estas e futuras obras tentarán complementar ámbitos como a literatura, a historia, as artes plásticas, o pensamento... en definitiva, todo o que poida divulgar, a través de textos do pasado ou do presente, a cultura de Galicia.

Local: Salón de actos do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, San Roque nº 2. CP 15704 Santiago de Compostela

Pode seguir o evento en liña na ligazón <https://bit.ly/3PI9Sy9>



Organizan



CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CENTRO DE
ESTUDOS GALEGOS
DO ALGARVE



UNIVERSIDADE DO ALGARVE



Fundación
para a Ciencia
e a Tecnología

Co apoio de



CENTRO DE
ESTUDOS GALEGOS
DO ALGARVE

CONFERENCIA

CANTARES DO NOSO TEMPO

A MÚSICA E O FOLCLORE GALEGO



10/4 (Mércores), 16.00h (PT)/17.00h (ES/PL)

**Coa participación de Lara Fernández Martínez
(Universidade de Cáceres)**



Pode seguir o evento en liña na ligazón <https://bit.ly/3VQcMvp>

Organizan



CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Co apoio de





XIV CONGRESSO INTERNACIONAL DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

*HORIZONTES DOS ESTUDOS GALEGOS E/NA
LUSOFONIA*

17-20 ABRIL 2024

Braga/Guimarães,
Universidade do Minho

ENTIDADES ORGANIZADORAS



ENTIDADES COLABORADORAS



OS ESTUDOS GALEGOS NO EXTERIOR

PROPOSTAS E DEBATE PARA UM DIAGNOSTICO

PRESENTACION E MODERACION

DANIEL GONZÁLEZ PALAU
(Director do IGADI)

ORADORES

CARLOS PAZOS JUSTO
(Coordinador)

MARÍA JESÚS BOTANA VILAR

ATTILIO CASTELLUGGI

TAKESHI KAKIHARA

11H00 PT/12H00 ES

12 de xullo de 2023

Seminario online

<https://bit.ly/3JvVICv>

ENTRADA DE BALDE CON INSCRICIÓN

Organización



CENTRO DE
ESTUDOS GALEGOS
DO ALGARVE

CIC
CENTRO DE INVESTIGAÇÃO
EM ARTES E COMUNICAÇÃO

Apoios



XUNTA
DE GALICIA



ict 46
Fundación
para a Ciencia
e a Tecnoloxía



A representación da(s) muller(es) nas Cantigas de Santa María: o binomio *Ave/eva*.

María Jesús Botana Vilar (UAlg)

UC Literatura e Cultura Galegas

Sala 0.07 (Ed. 2)

22/11, 14h



Universidade de Vigo
Facultade de Letras, Lingüística e Comunicación
Departamento de Estudos Galegos



1 XORNADA
 dos centros de Estudos
 GALIÇOS PENINSULARES



FACULTAD DE FILOLOGÍA. EDIFICIO D
 Salón de actos Emilia Pardo Bazán





**FACULTAD DE FILOLÓXIA, EDIFICIO D
Salón do actor Emilio Pardo Barcia**

9:30. Inauguración e cargo do Ixornal Barcia, decano da Facultade de Filoloxía, María Lourdes Barcia, Subdirectora Xeral de Política Lingüística, Bárbara Frailell, directora do Departamento IELTOL, Carmen Nojia (UCM), M^a Xosé Matos (Univ. de Almería), M^a Xosé Lema (UCB) e Clara García (UCM)

10:00-11:00. Que facemos nos Centros de Estudos Galegos?

Participan:

- Clara García Vila (CEG da Universidade Complutense de Madrid)
- Iria Domínguez Márquez (CEG da Universidade de Almería)
- Alberto Paz-Falán (CEG da Universidade de Nívea)
- Héctor Pardo Álvarez (CEG da Universidade Nova de Lisboa)
- José Ángel García López (CEG da Universitat d'Alicant)
- Rodrigo Herrera Allayn (CEG da Universitat de Barcelona)
- Lara Fernández Martínez (CEG da Universidade de Extremadura)
- Argenteal Alva Kardado Baxter (CEG da Universidade de Granada)
- Rosalía Sarmiento (CEG da Escola Mariña Universitaria)

12:00-13:30. Problemáticas e desafíos dos Centros de Estudos Galegos.

Participan:

- Clara García Vila (CEG da Universidade Complutense de Madrid)
- Iria Domínguez Márquez (CEG da Universidade de Almería)
- Alberto Paz-Falán (CEG da Universidade de Nívea)
- Héctor Pardo Álvarez (CEG da Universidade Nova de Lisboa)
- José Ángel García López (CEG da Universitat d'Alicant)
- Rodrigo Herrera Allayn (CEG da Universitat de Barcelona)
- Lara Fernández Martínez (CEG da Universidade de Extremadura)
- Argenteal Alva Kardado Baxter (CEG da Universidade de Granada)
- Rosalía Sarmiento (CEG da Escola Mariña Universitaria)

15:30-17:30. Desafíos e problemáticas desde a diversidade dos Centros de Estudos Galegos

Participan:

- Carmen Nojia Ruiz (Responsable do CEG da Universidade Complutense de Madrid)
- María Xosé Barcia Vila (Responsable do CEG da Universidade de Almería)
- María Xosé Lara López (Responsable do CEG da Universitat de Barcelona)
- Juan María Carrasco (Responsable do CEG da Universidade de Extremadura)
- Pedro Emmanuel Razo Grande Serra (Responsable do CEG da Universidade de Salamanca)
- Ralía Sarmiento (Responsable do CEG da Escola Mariña Universitaria)

17:30. Os Centros de Estudos Galegos. Subdirectora Xeral de Política Lingüística, Secretaría da Língua, Xunta de Galicia.

Participan: María Lourdes Barcia Aze, Subdirectora Xeral de Política Lingüística





I PREMIO INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

Asociación Internacional de Estudos Galegos

Candidaturas: 1/01/2024-01/03/2024

Bases e máis informacións: <https://cehum.elach.uminho.pt/premioestudosgalegos>

Co obxectivo de ampliar os traballos da nosa Asociación e, principalmente, apoiar a investigación que se vén realizando polo mundo fóra no noso ámbito de estudos, lanzamos o I Premio Internacional de Estudos Galegos.

Contando co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a AIEG convida todos/as os/as investigadores/as que desenvolven o seu traballo en universidades de fóra da Galiza a presentar os seus traballos (teses de mestrado, de doutoramento ou outros traballos académicos) realizados durante os últimos tres anos a candidataréense.

O Premio, nesta primeira edición, terá unha dotación económica de dous mil euros e ofrecerá a posibilidade de publicar o traballo en formato electrónico. O xurado poderá atribuír mencións de honra, até un máximo de tres.

Envío de candidaturas: estudosgalegos@gmail.com (indicando no asunto "Premio Estudos Galegos")

Concesión de premio: 17-20 de abril de 2024 no ámbito do XIV Congreso Internacional de Estudos Galegos.

Organiza



Apoia



LANÇAMENTO DO LIVRO

Colocacións co verbo soporte
"dar" en galego e español
maílos seus equivalentes en
lingua croata

**De Alejandro Martínez
Vicente**

26.09.24

14h (Brasília)
19h (Madrid)
18h (Lisboa)

Participación

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Editora Uminho

Carlos Pazos-Justos (Universidade do Minho)

María Jesus Botana Vilar (Universidade do Algarve)



TRANSMISSÃO PELO CANAL DA AIEG



Visibilizar, articular, fortalecer, Portugal/Lusofonia

Carlos Pazos-Justo
Presidente da AIEG

O título destas breves palabras de abertura constitúen o lema da candidatura que formulamos em julho de 2022, depois exposta e aprovada por unanimidade no congresso de setembro da Universidade de Varsóvia. Com este lema presente, a actual Junta Directiva tem tentado revitalizar a nossa Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG); este boletim supõe, neste sentido, a materialização dum dos compromissos adquiridos junto das pessoas associadas na última assembleia e que, por outra parte, é referido nos Estatutos da própria AIEG. O webminário acerca dos Estudos Galegos no Exterior, em foco mais à frente, celebrado em julho passado, foi também uma das nossas propostas que esperamos tenha percorrido.

Prata de Pantán | Foto
de Jack Swords en iStockphoto



XIV Congreso da AIEG

AIEG, ponte e seguido.....	1	Historia da AIEG.....	15
Carlos Pazos-Justo		María Jesús Botana Vilar, María Xesús Lama López	
John Rutherford, de Oxford a Ribadeo	3	Experiencias en primeira persoa	17
María Jesús Botana Vilar, María Xesús Lama López		Alberto Paz-Félix, Thayana Gaspar Jorge	
Johannes Kabatek.....	6		
María Jesús Botana Vilar, María Xesús Lama López			

*Contos e
lendas*

DA TRADIÇÃO IBÉRICA

Entrevista a Paulo Jorge Correia





Encontros AIEG

A INTERPRETAÇÃO
MUSICAL DOS
REPERTÓRIOS
ROMÂNICOS MEDIEVAIS

Antoni Rossell
Eduardo Martinelli



Data: 14 de Novembro



Horario: 16h (Brasília)
20h (Galiza)

Mediação: María Jesús Botana Vilar
(Universidade de Algarve)



Transmissão pola nosa canle de YouTube





CENTRO DE
ESTUDOS GALEGOS
DO ALGARVE

Mesa Redonda das Linguas

Os novos desafíos lingüísticos: migración e turismo

22.novembro.24 ás 18h00
FNAC Fórum Algarve

Entrada de balde

Intervirán

Manuel Célio Conceição
Sara Vitorino Fernandez
Neuza Costa
Claudia Mariño Gómez
Olivia Novoa Fernández

Organización e Promoción



Apoio





As línguas ligam-nos

4 dezembro 2024

Los idiomas nos unen

4 diciembre 2024



Programa

AYAMONTE

10 Hora (ES) . Centro de Congressos Ayamonte

Conferência sobre plurilinguismo para estudantes de ensino secundário.

Maria Jesús Botana Villar- Professora de Espanhol na Universidade do Algarve

11 Horas (ES) . Centro de Congressos Ayamonte

Sessão de dinamização oral em Português para 1º e 2º Ciclo.

Ana aprende uma língua nova

12 Horas (ES) . Centro de Congressos de Ayamonte

Karaoke multilíngue

CASTRO MARIM

11 Horas (PT) Biblioteca Municipal de Castro Marim

Leitura dinamizada : Jesús Gonzalez Francisco, escritor e Fátima Valentim , escritor.

12 Horas (PT) Intercâmbio de livros entre Bibliotecas para Cantinho do Leitor da

Eurocidade do Guadiana.

VRSA

17 Horas (PT) Universidade dos Tempos Livres - Alívada

Conferência sobre Plurilinguismo (on line)

Álvaro Carvalho. Direção Geral de Tradução da Comissão Europeia

Sara Occhipinti. Direção Geral de Tradução da Comissão Europeia

Ayamonte - Castro Marim - Vila Real de Santo António

As línguas
ligam-nos

4 dezembro 2024

Los idiomas
nos unen

4 diciembre 2024



